**Facultade de Humanidades**

Traballo de fin de grao

# Celestino Fernández de la Vega e as súas publicacións no diario lucense *El Progreso*

Autora: Noelia Arias Gómez

Xuño 2017

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Humanidades (Campus de Lugo) da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Ciencias da cultura e difusión cultural.

**Facultade de Humanidades**

Traballo de fin de grao

# Celestino Fernández de la Vega e as súas publicacións no diario lucense *El Progreso*

María Xesús Vázquez Lobeiras

Noelia Arias Gómez

Xuño 2017

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Humanidades (Campus de Lugo) da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Ciencias da cultura e difusión cultural.

"O Miño é agora máis río, máis caudal sagrado [...] O maino descorrer fluvial do tempo, bordeado de risoños verdes e de misteriosos arboredos, agárdaos. E alá van, a cumpriren o seu destino. A se converteren eles, poetas e filósofos, en auga bautismal da Terra"
Rof Carballo, X. (1987). ‹‹Celestino F. de la Vega›› *Grial*, 95, 5-6.

**ÍNDICE**

1. INTRODUCIÓN: OBXECTIVOS E METODOLOXÍA........................................2

2. BIOGRAFIA BREVE........................................3

2.1 Infancia e xuventude........................................3

2.2 Madrid e Guerra Civil........................................4

2.3 Regreso a Lugo........................................4

2.4 Os últimos anos........................................7

3. O LUGO DE FERNÁNDEZ DE LA VEGA........................................7

4. O XORNAL *EL PROGRESO*........................................9

5. AS COLABORACIÓNS DE FERNÁNDEZ DE LA VEGA EN *EL PROGRESO* 10

5.1 O concepto de cultura........................................13

5.1a La cultura y la moral........................................13

5.1b Cultura y comunicación........................................14

5.2 Pensando sobre as mulleres........................................16

5.3 A prensa........................................21

6. BREVE CONCLUSIÓN........................................24

7. BIBLIOGRAFÍA........................................25

## 1. INTRODUCIÓN: OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

Este traballo de fin de grao trata sobre a actividade de Celestino Fernández de la Vega[1] como colaborador no xornal *El Progreso*. O meu primeiro contacto coa figura de CFV tivo lugar na materia *Filosofía e crítica da cultura* (curso 2014-15). A pesares de ser de Lugo e tendo feito unha importante labor a prol da cultura galega, CFV segue sen ter o recoñecemento que se merece e sen ser apenas mencionado nas aulas dos colexios, institutos e universidades. A escolla do tema concreto do TFG débese a que a súa faceta de articulista é a menos coñecida.[2] As inquedanzas de CFV pola cultura e o seu permanente activismo cultural deberían ser motivo dabondo para espertar un forte sentimento de afinidade entre o pensador lucense e os alumnos/as do grao en *Ciencias da cultura e difusión cultural.*

Resulta especialmente estimulante desenvolver un traballo sobre un tema pouco investigado, mais a partires do inventario do legado feito por Vázquez Lobeiras e Veiga Alonso, queda claro que hai varias facetas máis por investigar a fondo: o seu activismo cultural, a súa participación nos faladoiros, a correspondencia, as traducións do alemán tanto ao galego como ao español.

Os obxectivos deste TFG son:

1. Comprender as diferentes facetas da vida intelectual de CFV
2. Analizar a súa actividade como articulista en *El Progreso*
3. Coñecer máis a fondo a historia e a vida cultural de Lugo
4. Coñecer a proxección da prensa local
5. Recuperar por primeira vez textos fonte do autor (anos 1934/1956)
6. Recadar testemuñas da historia oral
7. Coñecer mellor certas etapas históricas de Galicia/España (II República, ditadura, transición...)

[1] A partir de agora CFV.

[2] Atopouse un breve traballo de investigación, *cf.* Gómez Rivas (1997) e unha mención de Juan Soto. Gómez Rivas recolle un total de 33 artigos para o período 1934-1956, mais segundo a nosa catalogación faltaríanlle un total de 9. Soto Gutiérrez afirma que "Entre 1934 e 1935 Cilistro publicará no Progreso 32 artigos", en  (en Vázquez Lobeiras e Veiga Alonso: no prelo). Este dato tampouco se corresponde cos nosos achados, pois neste período aparecen un total de 42 artigos. López Vázquez (1993) proporciona a referencia de 18 artigos espallados en diversos períodos.

Con respecto á metodoloxía, tendo en conta que os primeiros artigos datan do ano 1934,[3] precisábase unha labor de hemeroteca:[4] localizar as publicacións, rexistralas,[5] e fotografalas. A medida que a busca de artigos ía resultando frutífera fíxose necesaria unha delimitación temporal. Considerando que, logo da publicación, xunto con Ramón Piñeiro, da tradución de *Da esencia da verdade,* CFV comeza a ser máis coñecido, o límite quedou fixado entre 1934 e 1956. Unha vez compiladas as fontes, ordenadas, lidas e resumidas na súa totalidade,[6] establecéronse criterios para a escolla dos temas a analizar: a noción de cultura, a visión da cidade de Lugo e tamén da prensa en xeral, así como algo que chamou poderosamente a nosa atención: as reflexións do CFV máis novo sobre as mulleres. Tívose en conta ademais a análise doutros textos de CFV, a bibliografía máis relevante e unha entrevista realizada a Dona María Luísa Maceda, a súa viúva.

## 2. BIOGRAFIA BREVE

### *2.1 Infancia e xuventude*

Celestino Fernández de la Vega Pardo naceu en Friol (Lugo) no ano 1914.[7] O seu pai Hixinio Fernández de la Vega foi nado en Castroverde e a súa nai Ánxela Pardo, en Friol. CFV foi o sexto dos oito fillos dunha familia moi acomodada e con inquedanzas intelectuais. CFV dende o berce viu como o seu pai, notario de profesión, escribía xa algúns artigos para o xornal. Con tan so 11 anos, abandonou a súa vila natal para mudarse á cidade amurallada e estudar o bacharelato.

Con catorce anos de idade CFV tomou contacto coa filosofía da man dun profesor de francés licenciado en filosofía e letras, D. Manuel García Blanco,[8] quen lle deu un exemplar da *Crítica da razón pura*[9] de Kant. No ano 1930, para compracer os

---

[3] *Cf.* Gómez Rivas, 1997: 112.
[4] Na Biblioteca Virtual de Prensa Histórica atópase o xornal dixitalizado pero so até 1940.
[5] *Cf.* ANEXO I.
[6] *Cf.* ANEXO III.
[7] *Cf.* Fernández (1988); López Vázquez (1993); López, (2001) e Piñeiro (1974-1991)
[8] Segundo indicou a súa viúva na entrevista realizada.
[9] *Kritik der reinen Vernunft,* Kant, 1781. Na casa de CFV atópase unha edición desta obra en francés (Lagny: 1926), tradución de Jules Barni, e outra en español de 1934 (Tradución de Manuel Fernández Núñez).

desexos de seu pai, comezou a estudar dereito na Universidade de Santiago de Compostela.

Dende moi novo cultivouse mediante a lectura e a reflexión:

a vocación cognoscitiva, que definía mellor que outras a súa personalidade, impulsouno á lectura incansable, pero tamén á reflexión crítica. Dende moi novo tendeu ó equilibrio entre a asimilación informativa necesaria ó *coñecer* e a actividade reflexiva necesaria ó s*aber*" (Piñeiro, 1974-1991: 119).

### *2.2 Madrid e Guerra Civil*

No ano 1933 trasládase a Madrid para continuar os estudos de dereito. Nesta cidade entra en contacto directo con revistas,[10] xornais e actividades culturais diversas. Comeza a participar nos faladoiros da capital e da man do seu amigo ribadense Gamallo Fierros, coñece a Pío Baroja, co que manterá conversas e correspondencia (*cf. ibid.*).

Mentres CFV se dirixía de volta a Lugo, o 18 de xullo de 1936, o golpe de estado e o conseguinte estoupido da Guerra Civil sorpréndeo no camiño. Alístase no bando nacional e pasa por Estremadura, Teruel e Asturias (*cf.* López Vázquez, 2009: 29). Como consecuencia da guerra vese obrigado a desbotar a opción de "opositar á cátedra de Filosofía do Dereito, o que lle reporta unha forte frustración vocacional" (Fernández, 1988: 14).[11]

### *2.3 Regreso a Lugo*

No ano 1940 aproba as oposicións para técnico da Administración Civil e no 1941 incorpórase ao seu destino no Goberno Civil de Lugo. Por estas datas un dos lugares de reunión por excelencia era o Hotel Méndez Núñez, onde CFV departía con persoeiros do talle de Luís Pimentel, Ánxel Fole e Ramón Piñeiro, entre outros.

[10] Sirva como exemplo a *Revista de Occidente*, fundada e dirixida por Ortega y Gasset. Na biblioteca de CFV atópanse unha morea de exemplares, todo parece indicar que estaba subscrito a ela.

[11] Segundo a testemuña da súa viúva, a vocación de CFV foi, dende sempre, a filosofía, mais estudou dereito por respecto ao seu pai. Durante a etapa de Madrid descubriu a cátedra de filosofía do dereito da Univ. Complutense e tiña a ilusión de desenvolver por esta vía a súa vocación filosófica e facerse profesor de universidade.

Nestes encontros nace a grande amizade entre el e Piñeiro, con quen compartía: "un igual interese pola Filosofía, unha mesma idade, unha similar experiencia traumática da guerra" (Fernández, 1988: 14).

María Luísa Maceda Méndez aparece na vida de CFV no ano 1946, cando gaña as oposicións ao corpo auxiliar da Administración Civil e comeza a traballar como secretaria do que sería, dous anos despois, o seu marido. O matrimonio tivo tres fillos: Celestino, Luís e Alberto Fernández de la Vega Maceda.

No ano 1948 CFV decide comezar a estudar alemán, para iso so precisou unha radio e moitas noites sen durmir. Ese esforzo fixo que puidera ler con soltura en alemán obras como *Sein und Zeit.*[12]

As décadas do 50 e do 60 son as de maior esplendor intelectual de CFV, como tradutor, ensaísta, filósofo, promotor dos faladoiros e de actividades e institucións tanto culturais como deportivas e gran articulista en *El Progreso* e outros xornais. En definitiva, a súa foi unha personalidade polifacética na que destaca a súa grande implicación coa cultura e coa cidade de Lugo.

No ano 1951 traduce ao galego, xunto con Ramón Piñeiro, a antoloxía de poesía céltica antiga de Julius Pokorny,[13] que levou por título *Cancioneiro da poesía céltica* (*cf.* Fernández, 1988: 15). Publícase na editorial Galaxia no mesmo ano da súa fundación, CFV colabora dende Lugo activamente con este grande proxecto. Galaxia nace para responder ás demandas de moitos intelectuais galegos, ao servizo da "preservación da identidade cultural galega" (*ibid.*). No mesmo ano publicase o ensaio *Cultura y comunicación* (1951).[14]

---

[12] Heidegger (1927), traducido por primeira vez ao español no 1951: *Ser y tiempo*, por José Gaos.

[13] Título orixinal: *Altkeltische Dichtungen: Aus dem Irisch-Gälischen und Cymrischen übertragen und eingeleitet* (1944).

[14] Publicado no primeiro dos Cuadernos Grial: *Presencia de Galicia.* Os restantes ensaios de CFV, compilados postumamente baixo o título *Ensaios a proba do tempo* (2009) son:
(1951*) Perfil gallego de Valle-Inclán*, en «Seara Nova» (Lisboa)
(1952) *Campanas de Bastabales*, en «7 Ensayos sobre Rosalía» (Vols. colectivos da ed. Galaxia)
(1958) *Abrente e solpor da paisaxe*, en «Homaxe a Otero Pedrayo no seu LXX aniversario do seu nacemento» (Vols. colectivos da Editorial Galaxia)
(1959) *Vida e poesía de Luís Pimentel* en «Sombra do aire na herba» (Vols. colectivos da ed. Galaxia)
(1956) Introdución a *Da esencia da verdade* en «Da esencia da verdade» (Ed. Galaxia)
(1963) *Braque, pintor de lo nunca visto,* en «Grial» (2).
(1967) *Sobre la persona y la obra de García-Sabell,* en «Grial» (15).
(1969) *Presencia de Rof Carballo* en *El Progreso.*

Un dos traballos que máis identifica a CFV é a tradución de *Da esencia da verdade*[15] (1956) de Heidegger, levada a cabo xunto con Piñeiro (López Vázquez, 2007: 43ss.). Con ela marcaron un fito salientable ao quedar demostrado que o galego non era unha lingua de segunda clase, e apta, como moito, para a literatura, xa que a rica tradición da poesía ninguén a podía negar. O árido e dificultoso texto de Heidegger, vertido ao galego, pon de manifesto que esta lingua é apta (como o son todas) para a filosofía e o pensamento abstracto, así como para calquera outro tema e/ou disciplina (*cf. ibid.*, 46-47). CFV traduciu tamén manuais de Dereito Administrativo[16] que lle foron encargados polo Estado.

O vencello de CFV con Lugo foi moi estreito. Na súa produción xornalística destaca a vida cultural lucense, formou parte da comisión do patrimonio histórico-monumental e foi o encargado de escribir sobre Lugo na *Gran Enciclopedia Galega*. Como anécdota cómpre mencionar que a súa dona sempre quixo marchar a vivir a Madrid para que así os fillos tiveran preto a universidade, cousa que el nunca estivo disposto a facer, ao igual que sempre rexeitou un posible traslado do seu posto de traballo para A Coruña.

Os faladoiros foron unha actividade realmente importante na vida de CFV.[17] Neles os intelectuais da cidade intercambiaban opinións, aprendían uns doutros e, sobre todo, ficaban libres da crúa censura do réxime franquista.

---

(1988) *Heidegger e Nietzsche* en «Luzes de Galiza», (12), 35-38. Neste caso non aparece nin a data nin o lugar de publicación en *Ensaios a proba do tempo*. Dita información recóllea Piñeiro (1974-1991).

Nos volumes colectivos de Galaxia colaboraron persoeiros do talle de: Américo Castro, Gregorio Marañón, Aranguren, Parga Pondal, Alberto Machado da Rosa, etc. Sobre a actividade da Editorial Galaxia *cf.* Villanueva Gesteira (2011).

[15] Título orixinal: *Vom Wesen der Wahrheit* (1931/1932).

[16] Nass, O. (1964) *Reforma administrativa y ciencia de la Administración*, Madrid: Estudios Administrativos; Neumann, P. (1964) *La Administración reguladora de la economía*, Madrid: Estudios Administrativos; Behlert, K. (1967) *Principios de organización*, Madrid: Estudios Administrativos; Forsthoff, E. (1967) *Sociedade industrial y Administración pública*, Madrid: Estudios Administrativos, e Huber, R. (1967) *Administración autónoma de la economía*, Madrid: Estudios Administrativos. De autoría propia é (1962) *La tecnificación da la Administración Pública*, Madrid: Estudios Administrativos. Trátase da memoria final dos seminarios de formación para funcionarios que levaron a CFV a Aquisgrán en 1962 (*cf.* López Vázquez, 2007: 40).

[17] *Cf.* Alonso Montero (2012) e Pardo de Neyra (2001).

### *2.4 Os últimos anos*

Debido a unha forte depresión, a enerxía de Celestino decaeu na última década da súa vida, mais non por iso desapareceron as súas inquedanzas intelectuais. Nestes anos lee a Popper e Wittgenstein e planifica un libro sobre este último autor (*cf.* López Vázquez, 2007: 131ss.). No ano 1980 sofre un infarto, entra nun estado de forte aprehensión e teima con acabar coa súa vida. Finalmente así o fai no ano 1986, cando lla entrega ao río Miño, na cidade que tanto quería.

## 3. O LUGO DE FERNÁNDEZ DE LA VEGA

Ao Lugo de CFV xa chegara, durante a Segunda Rexencia (1885-1902): "a luz eléctrica, o novo edificio do Círculo das Artes e o mellor poeta de toda a cidade" (Fernández de la Vega, 2009: 130).[18]

Como indica Pardo de Neyra:

> Pouco a pouco, durante o século XX a cidade dos muros romanos asistirá a un cambio explosivo que veu dinamitar os intereses máis tradicionalistas dunha sociedade que cría firmemente mesmo na separación de espazos cidadáns segundo fose a procedencia social dos seus e das súas habitantes: ora a través do Lugo do Cantón de Velarde e d'A Tolda, ora polo Lugo do Círculo de las Artes e o Casino de Caballeros. (Vázquez Lobeiras e Veiga Alonso, eds., no prelo)

Na primeira metade do século XX naceu en Lugo a revista *Ronsel*, nunha "cidade afundida no tradicionalismo regresivo do patriotismo primorriveriano que se escandalizaba diante das páxinas coas que os mozos de *Ronsel* dinamitaban os espacios integristas dunha aínda sólida sociedade estamental" (*ibid.*). Por estes anos xa existía: "o Café Español na esquina da Rúa da Raíña e a Praza Maior (*ibid.*: 2). Con CFV en Madrid, na cidade amurallada nace a revista *Yunque*[19] e a vida intelectual segue a

[18] En referencia a Luís Pimentel.

[19] "[…] moitos dos mozos que confluirán nela coincidiran xa na mesma cidade noutras iniciativas periodísticas inmediatas, como os semanarios *¡Ahora!* e *Guión*, auténticos antecedentes directos do periódico en cuestión" (Rodríguez Fer, 2006: 15).

medrar. Estando xa CFV de volta en Lugo os faladoiros esténdense por diferentes puntos da cidade: Café Ibor, Café Suízo, Hielo Bar ou Metropol.[20]

Lugo tamén acolleu a madurez de CFV e o cambio cara un galeguismo cultural militante, promovido dende os cafés lucenses e que desembocou na decisión de traducir a Pokorny e a Heidegger.[21] Malia a que debían ter moito coidado co que dicían, onde e a quen, o Lugo de CFV foi unha das capitais da cultura galega neste dificultoso período do século pasado. Os intelectuais da cidade:

> seguiron a conspirar e a tatexar algún que outro berro (iso si, sempre moi suaves) contra a ignominia que Pimentel tan ben deseñara na súa poesía, elevando novamente o ton didáctico do faladoiro sempre en nome da liberdade e a prol da normalización do idioma galego como vehículo de cultura (*ibid.*)

Un lugar na cidade que lle gustaba especialmente a CFV era o miradoiro do Parque de Rosalía de Castro. No artigo titulado *Postal de Lugo. Miradero del Parque* (29/04/1944) recrease na paisaxe e deixa entrever o seu fondo arraigo na cidade e na contorna: "[...] disfrutamos los lugueses de un paisaje singular y pasmo de los foráneos". A vista dende o miradoiro: "hace tiempo que me canta en los ojos". Compara a estrada que bordea o río cun signo de interrogación: "una pregunta en el paisaje" e o río, que "no discurre sino, quieto y claro", convertese na exemplificación do absurdo que é preguntar. A ponte, onde o río e camiño se xuntan "es como el núcleo del paisaje". O nome do pobo chamado Soñar, situado moi preto da ponte romana, dalle pé a un xogo de palabras e imaxes. O rio: "se derrama hacia la izquierda, en un ramal, con desmayo, con afán de soñar en Soñar". A estrada que une o río coa cidade e que pasa por "la vieja casa de Maternidad", vai deixando atrás o "suburbano, villano, vecino...".[22] Describe as casas do barrio como "[...] solitarias y distantes que, a veces, trasudan humo [...] casucas viejas y negras, en racimos hoscos y atravesados, con ropa tendida, con aire marinero y pescador -¿cangrejos de río?-". Na ribeira do río "la instalación del Centro de Iniciativas y Turismo" e tamén "una vieja barca" que lle trae a evocación das parellas que quizais

[20] Información facilitada pola viúva de CFV.

[21] CFV e Piñeiro atoparon a oposición frontal de Juan Aparicio (director de *El Pueblo*), que trata de desprestixialos afirmando nunha carta que aqueles que traducían filosofía do alemán ao galego tiñan faltas de ortografía e suxerindo que había que levalos a Madrid para depuralos. Aparicio, unha vez nomeado director xeral de prensa do réxime franquista, prohibiu a publicación da tradución de *Da esencia da verdade* (*Cf.* Pardo de Neyra, cit., 8).

[22] CFV crítica a actitude dos que se crían mellores por vivir *intra murum*, desprezando aos veciños das aforas.

agocharon nela o seu amor. A sensación de estar nun soño cando se contempla esa paisaxe, remata de súpeto, no momento no que algún automóbil irrompe ruidosamente na escena.

## 4. O XORNAL *EL PROGRESO*

O xornal lucense nace[23] no ano 1908 da man de Purificación de Cora e Fernando Pardo Suárez. Faino uns días antes do previsto posto que, como xornal marcadamente liberal que era, quería cubrir a noticia de "la llegada a la capital del ex-ministro Manuel García Prieto y de su cuñado, el diputado a Cortes por Mondoñedo Avelino Montero Viñegas" (Paz, 1992: 9).

Aquel primeiro número contén declaracións a prol do compromiso coa verdade e coa imparcialidade: "norma de nuestra conducta, la verdad […] hemos de consagrarnos sin tibezas ni ambigüedades, sin que aún entre nuestros mismos amigos, con los que pretendemos vivir hermanados, hayamos de velarla jamás" (*ibid.*).

O primeiro director foi o avogado José Gayoso Castro, que pronto deixou o posto para dedicarse integramente á política. Sucedeuno Antonio de Cora Sabater, fillo dun dos fundadores. Posteriormente toma o mando Purificación de Cora y Más-Villafuerte, que o dirixirá ata a súa norte no ano 1940 e deixará ao mando ao seu fillo Purificación de Cora Sabater, que liderará o xornal durante case trinta anos. Os seguintes directores foron, por esta orde: Xosé Trapero Pardo (1969-1972), Pedro del Llano López (1972-1980), José de Cora Paradela (1980-1994), Fernando Salgado García (1994-2000) e Luís Rodríguez García (2000-actualidade).

Ao tratarse dun xornal bastante conservador, viuse favorecido cando se produciu a sublevación contra a República, "ya que no fue incautado por los rebeldes para integrar lo que se conoció, posteriormente, como `Prensa del Movimiento´" (*ibid.*). Despois da Guerra Civil, *El Progreso* "xunto cos semanarios falanxistas *Azul* e *Escuela Azul* xurdidos xa en plenos anos bélicos" (Vidal, 2009: 20), foi o xornal de cabeceira para os habitantes de Lugo.

[23] Os primeiros números foron impresos na sede doutro xornal local chamado *El Norte de Galicia*, sucesor de *El Correo de Lugo*. *Cf.* Paz, 1992: 10.

*El Progreso* viviu a Ditadura de Primo de Rivera, a II República, a Guerra Civil, a Ditadura Franquista, a Transición e a Democracia. Un dos períodos de máis escuridade foi a ditadura de Franco, dende *El Progreso* “se vieron obligados a soportar una continua y exagerada coacción por parte de los poderes públicos, siendo objeto de una fuerte censura implantada conjuntamente por la Iglesia y el `Movimiento´, los denominados `poderes fácticos´” (Paz, 1992: 14). Con Serrano Súñer chega

> la disposición legal más importante y eficaz para la represión de los medios informativos: la ley de abril de 1938, inspirada en el totalitarismo del momento y que estuvo vigente hasta 1966, cuando llega la `Ley Fraga´... esta permite que la censura se suavice ligeramente, pero todavía estamos muy lejos de poder hablar de una verdadera libertad de información, pues continúa siendo el Gobierno el que decide lo que la prensa va a publicar” (*ibid.)*

*El Progreso* “es el característico ejemplo de periódico `de provincias´ y empresa familiar, siendo en la actualidad la única empresa periodística gallega constituída como sociedad limitada” (*ibid.*: 15) podendo dicir así que comeza un modelo de negocio familiar con base no xornalismo (*Cf.* Vidal Nicolás, 2009: 21). Este xornal, ao igual que *Faro de Vigo* ou *La Región*, teñen o seu núcleo fundamental na cidade e nas comarcas limítrofes ou próximas. CFV comezou a publicar estando na dirección do xornal Antonio de Cora Sabater,[24] e até o 1956 pasou polas etapas de Purificación de Cora Sabater e José Trapero Pardo.

## 5. AS COLABORACIÓNS DE FERNÁNDEZ DE LA VEGA EN *EL PROGRESO*

Antes de proceder á análise dos artigos seleccionados, cómpre establecer unha visión xeral de toda a produción articulista de CFV na época que se está a investigar. Os artigos foron clasificados segundo a súa temática en sete seccións tituladas: *Persoeiros, Filosofía, As mulleres, Observacións e meditacións sobre temas diversos, Crítica,*

[24] Segundo indicou María Luísa Maceda na entrevista realizada, e segundo tamén deixa constancia Soto Gutiérrez: “A nai de Celestino, Dona Anxela Pardo Saavedra, era prima do pai do médico lugués Ricardo López Pardo, que casou coa menor das fillas do fundador do Progreso” (cit., 2), é dicir, CFV estaba emparentado coa familia Pardo, o que fixo que tivera facilidades para publicar en dito xornal. De calquera xeito, o interese e a calidade das contribucións, foron tamén motivos relevantes sobre todo nos seus inicios “Non hai nel ningunha concesión nen á superficialidade, nen á retórica ornamental, senón pola contra profundidade, orixinalidade e precisión” (*ibid.*: 2).

*Cultura interartística*, e *Descricións*.[25] En xeral atópanse reflexións introspectivas en relación coa súa vocación intelectual, observacións sobre a sociedade da época e as actitudes das persoas, mais o que predomina claramente é a temática cultural, artística e filosófica. En canto ao estilo, CFV tende á digresión e dese xeito é común atopar máis dun tema por artigo ou ben un tema principal en combinación con observacións varias.

En tres momentos conta con seccións no xornal, tituladas: *Intentos* (finais do ano 1935 e comezos do 1935), *Variaciones* (dende mediados ata finais do ano 1935), *Colaboración espontánea* (mediados do ano 1934) e *Registro de arte* (finais do ano 1944 e 1945). Pódese falar de dúas etapas ben diferenciadas, tanto polos temas como polo estilo, que coinciden con etapas vital e historicamente moi diferentes, estas son:

- Antes da guerra (1934-1936[26]): CFV mostra a súa faceta con menos empatía, vese a si mesmo en camiño de ser un gran intelectual e amosa unha tendencia a xulgar e descualificar a outras persoas, en particular aos mozos e mozas da súa idade. Nesta época aparecen artigos con contidos que, dende a perspectiva de hoxe, deben ser considerados como desvalorizadores das mulleres ou directamente machistas. Coincidindo cos seus 20, 21 e 22 anos, CFV amósase moito máis preocupado polas correntes de pensamento estranxeiro, deixando nun segundo plano Lugo e as súas actividades. Esta etapa, comparada coa seguinte, destaca pola maior produción.[27]
- Despois da guerra (1943-1956): Logo de vivir a Guerra Civil en primeira persoa, CFV da un xiro de estilo e madurez persoal. O tratamento dos temas vólvese máis respectuoso, deixando de lado a petulancia[28] tan característica da etapa anterior. Tanto as persoas como as manifestacións artísticas son tratadas con grande sensibilidade. CFV refúxiase na cidade lucense, probablemente fuxindo dos centros de poder do réxime e buscando esquecer os fatídicos momentos vividos. Agora Lugo é o tema fundamental. Na sección *Registro de arte* deixa constancia das actividades artísticas máis relevantes que se celebran na cidade.

[25] *Cf.* Anexo II: V.
[26] O ultimo artigo antes da Guerra foi *Telas de Picasso* (24/03/1936), un tanto premonitorio debido á temática dun dos cadros máis famosos de Picasso (*Guernica*) sobre o bombardeo da cidade vasca do mesmo nome considerado en todo o mundo como unha testemuña da traxedia da Guerra Civil.
[27] Cun total de 42 artigos en tres anos, fronte aos 10 artigos en 22 anos da etapa seguinte.
[28] 'Petulante' segundo a RAG: "1. Que se cre superior aos demais e os despreza; 2. [Cousa] que ofende pola súa falta de respecto aos demais".

Chama a atención que algúns artigos de moi cedo anticipan claramente os seus temas principais e, apesares de que o tema que predomina transversalmente é o artístico ou artístico-literario, tamén queda constancia dende o primeiro momento do talante xenuinamente filosófico de CFV. Ademais de *La cultura y la moral* (1934) onde trata o tema da cultura que logo retomará no ensaio *Cultura y comunicación* (1951), tamén destaca o artigo titulado *Humorismo español* (20/11/1934), que anticipa en tres décadas o tema do seu ensaio principal, *O segredo do humor* (1963).

A limitación na extensión do TFG fixo imposible analizar todos e cada un dos artigos, por iso se tomou a decisión de seleccionar só algúns deles. Deste xeito dedícase a atención polo miúdo a cinco artigos, pertencentes a tres ámbitos temáticos diferentes, que gardan relación con algún apartado importante do TFG pero tamén co enfoque xeral do mesmo. Os artigos que se procederá a analizar son:

- *La cultura y la moral* (27/03/1934): ligado ao tema que máis interesa a este grao que é a noción de cultura e que está en relación, como xa se mencionou, co primeiro ensaio breve de CFV titulado *Cultura e comunicación* (1951). Tanto o artigo como o ensaio reflicten especialmente a faceta filosófica de CFV.
- Bloque de artigos sobre as mulleres: aquí enmárcanse catro artigos: *El tránsito masculino a los quehaceres domésticos* (05/07/1934), *Los estudiantes* (04/12/1934), *La simpatía de las mujeres* (04/04/1935) e *Mujeres interviuvadas* (24/08/1935*)* e recóllense observacións intercaladas noutros nos que, sen ter as mulleres como tema fundamental, o tema. A decisión de analizar estes artigos veu dada pola sorpresa nada grata proporcionada pola perspectiva que CFV tiña sobre as mulleres, pero tamén porque é un tema moi recorrente (mesmo case obsesivo) nesta primeira etapa. Amosarase como a visión retrógrada e machista de CFV se contrapón aos movementos de loita que moitas mulleres levaron a cabo durante aqueles anos.
- *Nuestra prensa* (31/08/1935): este artigo foi elixido porque transmite a visión de CFV sobre os xornais e o xornalismo da época. Compararase coa súa propia actitude como lector e articulista en *El Progreso* e coa situación da prensa na actualidade.

## 5.1 *O concepto de cultura*

A actividade de CFV como articulista en *El Progreso* está ligada directamente á súa faceta como activista cultural, xa que a maioría dos seus artigos tratan de xeito directo ou indirecto sobre a cultura (literatura, arte, filosofía, actividades culturais na cidade, etc.). A propia noción de cultura é o tema do seu primeiro artigo do ano 1934 e tamén o do primeiro ensaio: *Cultura y comunicación*[29], do 1951. Neste apartado farase unha aproximación ao que entendía CFV por cultura a partires destes dous textos.

### 5.1a *La cultura y la moral*

Neste artigo atopamos o que o rapaz de 20 anos entende por cultura CFV baixo a influencia de correntes de pensamento alemán tan importantes como a fenomenoloxía, a filosofía da cultura, a antropoloxía filosófica, plenamente actuais naquel momento[30]... CFV considera o ser humano na escala da diferenza entre o que unha persoa é e o que debe ser. A cultura é o camiño para pasar do 'ser puro' ao 'deber ser absoluto', que son os polos entre os cales aparecen como estadios intermedios os usos sociais, costumes, etc... CFV observa no dereito "la existencia de un sustracto real, cuya referencia a un valor lo caracteriza como típico fenómeno cultural" independentemente de que se realice o valor buscado, que é a xustiza. A noción de 'deber ser absoluto' equivale á moral: "cuya vigencia es independiente de su realización, y cuyo carácter dominante es el elemento internacional". Dado que a moral representa un valor absoluto, atópase por enriba das diferencias culturais e proxéctase nunha dimensión internacional.

Para CFV a cultura representa "una hipertrofia vital, orientada cara una vida cada vez más valiosa", tanto no senso intelectual como humano. Con respecto á relación da cultura coa moral, CFV indica que depende moito do que se considere cultura, xa que esta pode ser ter unha concepción ampla como a que defende Sauer,[31] que é unha fusión de catro elementos: relixión, arte, ciencia e cultura material, ou pode ser

[29] En *Ensaios a proba do tempo*, 2009: 17-38. Publicouse por primeira vez no volume colectivo *Presencia de Galicia* (1951). Vigo. Ed. Galaxia,.

[30] Seguindo a indicación da titora do TFG, por motivos de espazo e tamén pola dificultade, desbótase a posibilidade de reconstruír aquí máis detalladamente as fontes filosóficas das consideracións expostas por CFV.

[31] Probablemente se trate de Carl O.Sauer (1896-1975), profesor de Xeografía na University of California at Berkeley, promotor da chamada 'xeografía cultural' e estudoso do impacto que o ser humano deixa no medio ambiente. El defendía as maneiras máis tradicionais de vida, criticando o xeito no que as sociedades modernas estaban a deixar unha pegada negativa en dito medio. *Cf.* Van Otten, 2017.

simplemente unha concepción agnóstica como a que defende Nietzsche,[32] que reduce a cultura ao arte. Entre esas dúas concepcións estarían situadas "las concepciones de Fitche [*sic!*][33] y Schiller[34], quienes basan el interés de la cultura en el aspecto ético".

Neste artigo albiscase xa a un CFV que a pesares de ter tan so 20 anos, está ben orientado cara a filosofía e cita a autores como Pascal[35], Kant[36], Schiller, Fichte, Nietzsche, Ziegler[37], Spranger[38] ou Sauer, entre outros. Como indica Juan Soto "neste primeiro artigo agroma xa nitidamente o que poderiamos chamar os cimentos da andamiaxe intelectual de Celestino, é dicir, as súas preocupacións e o cerne do seu pensamento"[39], a pesares de que a esas alturas aínda lle queda moito por aprender ata forxar o seu pensamento propio e ser quen de expresalo dun xeito moito máis claro, elegante e conciso. O que se percibe é un rapaz interesado por formar parte da esfera dos intelectuais da época e que intenta, mediante os seus artigos, deixar constancia de todo o que sabe e indirectamente, do que deberían saber os rapaces da súa idade; isto deixa entrever unha faceta un tanto clasista e altiva que desaparecerá case por completo na etapa da posguerra.

### 5.1b *Cultura y comunicación*

Moi poucas veces se consegue que dúas persoas de mundos totalmente diferentes entendan certas creacións culturais e artísticas, o que ven dado porque non todos teñen as mesmas preocupacións nin os mesmos intereses. CFV compárao coa habitación na que habitan un boxeador e un banqueiro, ambos "habitan dos mundos distintos aunque vivan en una misma habitación" (Fernández de la Vega, 2009: 17), por iso, cando un fala de cousas de "su mundo" ao outro lle parece que son cousas "de otro mundo". O acto de comunicarse lévase a cabo na maioría dos casos, entre membros do

[32] Friedrich Wilhelm Nietzsche (1844-1900), a súa filosofía é coñecida pola crítica á metafísica e á moral. *Cf.* Ruiza (2004-2017).
[33] Léase Fichte: Johann Gottlieb Fichte (1762-1814). A súa filosofía abre o denominado idealismo alemán, o seu pensamento influiría posteriormente en Hegel e Schelling. *Cf. Ibid.*
[34] Friedrich von Schiller (1759-1805): un dos maiores dramaturgos de Alemania. *Cf. Ibid.*
[35] Blaise Pascal (1623-1662). Matemático, físico e filósofo de raíz cartesiana e cristiá. *Cf. Ibid.*
[36] Immanuel Kant (1724-1804), cumio do pensamento moderno. *Cf. Ibid.*
[37] Leopold Ziegler (1881-1958), Filósofo da cultura e da relixión. *Cf.* Fundación Leopold Ziegler (1960-2003).
[38] Eduard Spranger (1882-1963) filósofo, pedagogo e psicólogo. Fai unha síntese da filosofía clásica e do idealismo. *Cf.* Ruiza (2004-2017).
[39] Soto Gutiérrez, cit.

“mismo mundo” xa que, do contrario, ambos interlocutores terían a sensación de “no hacer pie”, de “caer al vacío” (*ibid.*: 18).

A cultura está conformada por moitas linguaxes, en certo modo por moitos mundos. Os artistas, ben sexan pintores, escultores, escritores, queren que as súas obras sexan comprendidas por outras persoas pero para iso cómpre que os destinatarios fagan un esforzo por entendelas entrar na súa linguaxe e no seu mundo. Para orientarse o que se fai é buscar o “juicio espontáneo del público preocupado por las cosas de este mundo de la cultura, público culto” (*ibid.*). No fondo atópase o problema da comunicación. Para comunicarse é preciso unha comunidade, varios suxeitos que transcenden uns aos outros. A comunicación está na orixe do coñecemento, xa que “nuestro conocimiento no –como dice Jaspers– tendría sentido ninguno si no fuese comunicable” (*ibid.*: 19).

Segundo o pensamento de CFV neste ensaio, a cultura non é máis que un diálogo. Sen comunicación non hai cultura e, canto máis viva e fluída sexa a comunicación, máis auténtica e efectiva será a cultura. Mais a comunicación non sempre se logra, por iso: “la cultura, en este aspecto, es riesgo y problemática” (*ibid.*: 19). A comunicación require a predisposición ao entendemento por parte do receptor, xa que logo, “toda postura incomunicativa cae fuera del dominio de la cultura” (*ibid.*: 20) e todas aqueles palabras tales como idiota,[40] parvo[41] ou bárbaro[42] aparecen como contrarios e incompatibles coa cultura. Cada sector da cultura ten a súa propia linguaxe sendo a científica a máis unívoca e a poética a máis equívoca.

En definitiva a cultura é linguaxe, e, en consecuencia, comunicación: a linguaxe da música, da poesía, da pintura... e a comunicación que se produce entre a obra e o público que a percibe, contando coa actitude receptiva deste último. O ensaio non parte dunha reflexión abstracta, posto que CFV, como asiduo lector de libros e xornais, como público de actividades culturais de toda índole, como espectador do cinema, practicaba a diario o que aquí se di.

---

[40] A palabra idiota, provinte do grego *idiotes*, fai referencia a aquela persoa que so se preocupa polos seus intereses e non polos de carácter público, estando ese individuo illado. *Cf.* Anders (2001-2017).

[41] Segundo a RAG: “2. Que ten atraso intelectual, cunha intelixencia equivalente á dun neno de entre sete e doce anos”.

[42] Do grego *barbaroi*, refírese a aquelas persoas que non fan un uso correcto da linguaxe ou ben non se lles entende ao falar, *cf.* Fernández Fuensalida (2017).

Cómpre salientar moi especialmente a importancia que neste ensaio CFV lle da á conversa, o que se corresponde coa relevancia que tiveron na súa vida os faladoiros. A conversa é claramente comunicación e, máis aló da verbalización de pensamentos e opinións, é, xenuinamente, cultura. Aínda así e malia ao indubidable esplendor dos seus faladoiros nos cafés lucenses: "hoy existe una grave crisis de la conversación que delata la grave crisis de la cultura que, como es sabido por todos, estamos sufriendo" (*ibid.*: 36).

Dende o meu propio punto de vista, mediante a conversa e o intercambio de opinións é posible coñecer outros xeitos de pensar e volverse máis tolerantes. Seguramente CFV a día de hoxe tería problemas ao ver o xeito no que as persoas se relacionan mediante as novas tecnoloxías, perdendo a conversa directa a prol das mensaxes a través dos móbiles e gañando en deshumanización.

## 5.2 ***Pensando sobre as mulleres***

Como xa se mencionou, neste apartado están incluídos tres artigos: *El tránsito masculino a los quehaceres domésticos* (05/07/1934), *Los estudiantes* (04/12/1934), *La simpatía de las mujeres* (04/04/1935) e *Mujeres interviuvadas* (24/08/1935), que se complementarán con observacións soltas que se atopan en varios máis.

En *El tránsito masculino a los quehaceres domésticos*, CFV comeza cunha referencia á Constitución da II República,[43] que implicou un avance na igualdade entre ambos sexos ao garantir o dereito ao voto[44] e á participación política,[45] co cal "ya no se puede decir que la mujer sufra las leyes y no las haga" e "ya no es exacto que la igualdad con el hombre sólo es reconocida cuando se trata de deberes y castigos".[46] Declara que comulga coa causa feminista e que non está de acordo cos que se preguntan: "¿Cuándo ha realizado la mujer una obra verdaderamente grande, fuera de lo esencialmente natural de dar hijos al mundo?" Estas liñas suxiren que CFV consideraba

[43] *Constitución de la II República*, Art. 25 "no podrán ser fundamento de privilegio jurídico: la naturaleza, la filiación, el sexo, la clase social, la riqueza, las ideas políticas ni las creencias religiosas".
[44] *Ibid.*, Art. 36: "los ciudadanos de uno y otro sexo, mayores de veintrés años, tendrán los mismos derechos electorales conforme determinen las leyes".
[45] *Ibid.*, Art. 40: "todos los españoles, sin distinción de sexo, son admisibles a los empleos y cargos públicos según su mérito y capacidad, salvo incompatibilidades que las leyes señalen".
[46] Enténdese que as mulleres agora non só teñen castigos e deberes, senón tamén dereitos.

as mulleres igualmente preparadas para grandes obras, mais o artigo continúa coa que se pode considerar parte negativa do mesmo, deixando de lado o ton máis que sarcástico co que se refire a aquelas persoas que loitaron por unha igualdade real, como "abogados de la causa feminista". Segundo CFV pretender ser unha "Eva culta" non xustifica o abandono do fogar. Ser unha muller cultivada debería significar estar chea de bondade para dar a luz e criar fillos, ademais de ser "no sólo madre fisiológica, sino educadora, administradora, agradable compañera, etc", mais sempre sen saír da súa esfera (o fogar) excepto que esta saída sexa temporal, para mellorar (formarse) e logo volver entrar nela. Remata o artigo animando aos homes a que defendan a causa feminina e loiten por esa suposta igualdade, sen esquecer cal é o sitio da muller. A muller debe ser culta e estudada, pero para quedar na casa coidando aos fillos, levando as contas e acompañando ao marido na vida social e en calidade de complemento.[47]

En *Los estudiantes,* describe aos estudantes homes como uns conformistas que non loitaban polos seus dereitos por moi vulnerados que os viran e tamén, con referencia a Baroja, como "gamberros".[48] Ao fío destas consideracións dedica o último parágrafo ás mulleres estudantes, que, segundo el, coa súa incorporación á universidade non cambiaron nada ou case nada, xa que para todas "su aspiración máxima continúa siendo casarse"; o que si mudou foi a súa maneira de buscar aos homes, tendo agora máis "desfachatez".

En *La simpatía de las mujeres* recolle aspectos "buenos" e "malos" das mulleres. Atopar unha muller agradable é tarefa complicada sendo a simpatía e o saber estar o que principalmente se debe buscar. A CFV desagrádanlle esas mulleres "afortunadamente poco frecuentes" interesadas pola política activa. Dun xeito claro indica que militar nun

---

[47] A testemuña proporcionada pola súa viúva indica que CFV anos máis tarde, desenvolvería a súa vida matrimonial até certo punto baixo estes parámetros. Ao ser preguntada polo seu propio papel nos faladoiros e nas actividades culturais resposta que ela acudía como acompañante, *cf.* Anexo V. Mais, a diferenza do que di o CFV mozo, ela non quedou pechada na casa, xa que tiña o seu propio traballo e os seus propios ingresos. Dedicou ademais incontables horas, tanto na oficina como na casa, a mecanografar os textos do seu home, que, segundo contou, tiña o costume de compoñer os seus traballos directamente mediante o ditado, sen escribilos previamente no papel. Os textos orixinais de Heidegger que Domingo Carvallo enviaba mecanografados dende Friburgo, foron copiados por María Luísa directamente en alemán. Do mesmo xeito foi ela a que, coa súa máquina de escribir, preparou os manuscritos para as editoriais, incluídos os densos volumes de dereito administrativo. A traxectoria profesional de María Luísa tamén se viu truncada pola Guerra Civil posto que segundo súa testemuña, ela maila súa irmá pensaban estudar arquitectura pero finalmente, despois da contenda e seguindo o consello de seu pai, preparouse como auxiliar administrativa e presentouse a unhas oposicións do estado, conseguindo así a súa praza no Goberno Civil en Lugo.

[48] Segundo CFV, para Baroja o "gamberro" era "mozo que intimamente tímido, se convierte por contagio con sus amigos y compañeros en insolente y procaz".

partido, defender os propios ideais, ir a manifestacións... non son cousas que unha muller honrada e decente deba facer, e moito menos berrar consignas de tipo "Muy bien!, Muy bien! Viva Gil Robles!", xa que isto so gustará a "hombres que tienen espíritu de concejales". Tamén lle desagrada o tipo de muller que el chama despectivamente "niña snob",[49] para referirse ás que proclaman que queren ser aviadoras ou montar en bicicleta, sen amosar outra pretensión na vida: nin casar, nin traballar. Ser aviadora ou andar na bicicleta non lle parecen a CFV actividades nin preocupacións propias das mulleres, casar e traballar, si. Hai tamén un tipo de mulleres que nun momento dado tanto falan de filosofía ou contan un chiste en alemán como "falan das preocupacións das mulleres". De novo hai certas preocupacións impropias das mulleres, mentres que outras (o matrimonio, o fogar, os fillos ou a beleza) serían axeitadas.

Conclúe o artigo cunha crítica contra as mulleres maiores. Segundo CFV é preferible falar coas mulleres novas xa que "por lo general las mujeres de otro tiempo nos parecen absurdas: tienen un lastre de prejuicios de la época que ellas toman completamente en serio y que a nosotros nos hace reír".

O artigo *Mujeres interviuvadas*[50] resulta especialmente duro dende o punto de vista de hoxe. Comeza facendo referencia a que as mulleres "deben estar bastante cansadas de que los hombres nos ocupemos de ellas", enténdese que se refire, no ton irónico tan propio del, a manter economicamente ás mulleres. Continúa afirmando que "en ciertos aspectos la mujer no está tan mal y se puede hablar con ella", facendo referencia a que ás veces, coma se dunha excepción se tratase, se pode manter unha conversa interesante coas mulleres, deixando entrever que en ocasións as mulleres coñecen algo dos temas dos que os homes adoitan falar e queixase de que nas 'intervius' ás mulleres se lles pregunten banalidades: "lo que es intolerable es que se le hagan interviús para que contesten tonterías a preguntas tontas". Por momentos non queda claro se está a criticar o absurdo das preguntas ou das respostas, mais, nas entrevistas ás mulleres: "la mayoría de las preguntas sobran, porque ya de antemano las respuestas [*sic!* Probablemente: ya se conocen de antemano las respuestas]". Serían preguntas

---

[49] Esnob é un latinismo derivado da palabra *snob*, contractura da expresión latina "sine nobilitate", que significa "sen nobreza". *Cf. Wikipedia* (2017). Segundo a RAE: "persona que imita con afectación las maneras, opiniones, etc., de aquellos a quienes considera distinguidos".

[50] Enténdese que emprega o termo "interviuvadas" como a españolización da palabra inglesa *interview*, no canto de empregar o vocábulo entrevista.

como: “¿le gustan a usted los hombres?” ao que el mesmo responde “¿Qué va a decir? ¿Qué le gustan los espárragos en lugar de los hombres?”[51], ou: “¿Cuáles son sus predilecciones literarias?”. Neste caso él mesmo simula a resposta: “[...] ¡Cervantes me entusiasma!.” e comenta nun ton burlesco: “Después respirará satisfecha, pensando que por lo menos no habrá metido la pata”, deixando ver de xeito sarcástico que moitas mulleres serían incapaces de falar de literatura. A continuación seguen outra serie de preguntas e remata coas “incongruencias, que también las hay con frecuencia”. Menciona unha anécdota que lle ocorrera a “Miss Vascongadas”, e que el lle encontrou “certa gracia”. A miss afirma que “antes del concurso estaba más gruesa. ¡Pero he adelgazado! No se crea que andamos mucho, pero ¡es que hay que ir a tantos sitios!” ao que CFV engade a súa propia conclusión: “[...] no me explico como se pueden dar trotes sin 'andar mucho' y como se puede ir a tantos sitios estando parado. Alguno me dirá que en auto; pero en auto no se puede adelgazar lo que decía la miss ésta” e conclúe dicindo que “lo mejor que se puede hacer con las mujeres es tomarlas a broma”. Resulta evidente o desprezo do CFV máis novo cara as mulleres, que, incapaces de conversas cultas, non merecen ser tomadas en serio. Por se non queda claro que se refire a todas ou a case todas: “Esto sucede lo mismo cuando la interviuvada es estudiante de Filosofía y Letras que cuando se trata de una “miss” cualquiera”.

O tema das mulleres está presente noutros artigos, aínda que só sexa en breves pinceladas. En *¡Qué importa la estética!* (01/12/1934) emprega o seu ton máis sarcástico para referirse ás mulleres na guerra.[52] Estas non son potenciais candidatas a ir á guerra porque “entre los medios de combate no figura para nada el arañazo”. Nesa mesma liña de crítica constante e desprezo irónico ás mulleres, atópanse comentarios como “Al parecer las mujeres han decidido ir a los cafés. A mí me parece que han tenido un acierto; es más fácil cómodo murmurar en el café que en la iglesia”.[53] O papel das mulleres nos cafés non pode ser coma o dos homes que acoden aos estimulantes faladoiros, elas en cambio van só a rexoubar.  As consideracións despectivas de xénero aparecen ate nunha meditación encol dos gatos: “las mujeres no deben sentir gran

[51] Aquí CFV en ningún momento contempla a homosexualidade como opción, posto que á pregunta: “¿Le gustan los hombres?” a muller podería responder que lle gustan as mulleres.
[52] Resultan crueis outros comentarios respecto da guerra: “francamente, yo creo que la inminencia de una guerra nos convendría un poquitín a todos: hombres y mujeres”. Paradoxalmente vaille tocar vivila en primeira persoa e deixará nel una grande pegada que, segundo a súa viúva cre, era o desencadeante principal das súas depresións.
[53] En *El café* (04/03/1935).

simpatía por los gatos: no es un animal que se preste a la sensiblería, ni sirve para que las solteronas concentren en el su cariño desorientado".[54] As mulleres sobre todo as solteiras, buscan proxectar o seu sentimentalismo frustrado nun animal que, en realidade, é solitario e independente, e por iso máis indicado para os homes.

Destacan tamén comentarios sobre os matrimonios por conveniencia: "en esto creo que son lo mismo las mujeres que los hombres: ambos calculistas. Claro que la conducta de la mujer en este sentido, es, hasta cierto punto, más razonable que la del hombre: la mujer que cifra sus esperanzas en el matrimonio, es lógico que trate de procurarse una vida lo mejor posible"[55]. Para rematar, engádese un comentario sobre a festa do Entroido, do que se deduce que o papel da muller na sociedade é buscar marido: "A las chicas, como por lo general no tienen gran cosa que hacer, les sirve de pasatiempo el buscar un disfraz original para el baile....a veces de los bailes sale algún `marriage´."[56]

O xeito de pensar que tiña CFV era compartido por un gran número de persoas naqueles tempos (e moi probablemente por algúns aínda a día de hoxe), pero compre deixar constancia de que un gran número de persoas non significa todo o mundo. Na década dos anos 20 e 30[57] algunhas mulleres loitaron firmemente por acadar unha igualdade real entre ambos sexos e por deixar atrás os estereotipos tan marcados para o sexo feminino. Mulleres coma Maruja Mallo (Lugo 1902–Madrid 1995), María Zambrano (Vélez-Málaga 1904–Madrid 1991), María Teresa León (Logroño 1903-Madrid 1988) ou Rosa Chacel (Valladolid 1898–Madrid 1994) entre outras moitas, pertenceron á Xeración do 27 e foron coñecidas en toda España co sobre nome de *Las sinsombrero*. Este nome veulles dado porque, decidiron prescindir do sombreiro (peza que outorgaba feminidade e amosaba respecto cara os homes)[58] nun acto reivindicativo diante da Porta do Sol en Madrid, no que participaron tamén Lorca e Dalí e onde, como sinala Maruja Mallo ao volver do exilio, "nos apredrearon llamándonos de todo".[59]

[54] En *En torno de los gatos* (12/08/1935).
[55] En *Consideraciones en torno del amor* (20/07/1935).
[56] En *El Carnaval* (22/02/1935)
[57] Os catro artigos de Celestino analizados datan dos anos trinta.
[58] A súa actividade máis efervescente foi durante a Ditadura de Primo de Rivera, a II República e a Guerra Civil. *Cf.* Balló e Torres (2014).
[59] *Cf. Ibid.*

Estas mulleres tiveron un carácter rompedor e moderno e reivindicaron a presenza do sexo feminino en tódalas esferas culturais, autodenominándose pintoras, escultoras, escritoras, ensaístas, articulistas... En definitiva, loitaron firmemente porque certas esferas tipicamente de homes, foran pouco a pouco tamén de e para as mulleres. Moitas delas viviron o exilio.[60]

Cómpre non esquecer tampouco ás mestras da República,[61] que representaban o modelo de mulleres modernas e independentes, sendo peza fundamental na difusión da nova identidade cidadá. Eran independentes economicamente, estaban comprometidas coa igualdade de xénero e social, pertencían a organizacións sindicais e políticas e a organizacións feministas e cidadás, inculcándolles ás alumnas e alumnos valores fundamentais para poder vivir nunha sociedade igualitaria.

Mención especial neste período merece Clara Campoamor. Sendo deputada por Madrid nas eleccións do ano 1931, participou na creación da nova Constitución e conseguiu, logo dun enfrontamento con Victoria Kent, que o sufraxio feminino quedara recollido no Art. 36.[62]

### 5.3 *A prensa*

Neste artigo, datado do 31/08/1935, percíbese de novo o talante crítico e directo de CFV, nel reflicte a parcialidade que o lector atopa cando se dispón a ler un xornal calquera, tanto de dereitas coma de esquerdas: "para un periódico de `derechas´, por ejemplo, García Lorca, es un poetastro, La Sirgú [*Sic.*][63] una comiquilla y Rivas Cheriv[64] un guiñolero de mala muerte. En cambio, Pemán[65] es una revelación, es algo excepcional". Nun xornal de esquerdas ocorrería o mesmo porque "el 'Cisneros' de Pemán a la segunda representación produce 12.50 en taquilla".

---

[60] Así, p. ex. a filósofa María Zambrano vivíu no exilio dende o 1939 ata o ano 1984. *Cf. Ibid.*

[61] P. ex. María Sánchez Arbós, Julia Vigre, Hilda Farfante ou Josefina Aldeoa, entre outras moitas. Serrano (2013).

[62] *Cf.* nota 44.

[63] Léase La Xirgú: Margarita Xirgú, actriz favorita de Lorca e grande directora de teatro, exiliase en Uruguay. *Cf.* Ruiza (2004-2017).

[64] Léase "Rivas Cherif". Cipriano de Rivas Cherif (1891-1967), escritor e director teatral español, íntimo amigo de García Lorca, dirixíu a compañía de Margarita Xirgú, *cf. Ibid.*

[65] Segundo a RAE José María Pemán y Pemartín foi poeta, dramaturgo, narrador e ensaísta. Destacan obras como: *De la vida sencilla* (1923), *El Divino impaciente* (1933) ou *Mis almuerzos con gente importante* (1970). Tamén participou activamente na política e apoiou firmemente a ditadura franquista *Cf. ¡Atención!… ¡Atención!... Arengas y crónicas de guerra* (1937).

O público non pode ser imparcial porque “'los deformadores de conciencias' se encargan de deformarlas en el sentido que más les conviene”. Os xornais tampouco son imparciais porque o que se atopa neles adoitan ser: “amparos de paniaguado”.[66] Dado que os xornais responden a intereses persoais ou económicos, deberían facelo saber, escribindo para os lectores afíns sen tratar de enganar ao resto: “¿por qué no han de manifestarlo abiertamente? ¡Qué lo sostengan los interesados!”. Segundo CFV “todas estas cosas se hacen porque se pueden hacerse” se eses xornais seguen en pé a culpa non é dos xornalistas, senón dos lectores que os mercan día tras día. Para conseguir que a xente pense como o xornal quere abonda con escribir ao gusto deles “¿se quiere hacer un periódico de beatas , burgueses y pecatos [*Sic.*][67] y niños bitongos[68]? Pues no hay más que lo de: ¡Dios ante todo! ¡Iglesia y Patria!” para posteriormente engadir que nunca faltarán a verdade. Os lectores atoparán mentiras ou visións parciais encubertas coma se fosen realidades. O feito de que un xornal se autoproclame veraz, non evita que “al día siguiente llamen borracho a un 'leader'[69] del lado opuesto, que en su vida ha tomado más que aguas minerales bicarbonatadas”. Comenta tamén a complicidade con estas prácticas: “esto no tiene importancia, porque así es la sinceridad que piden sus lectores”. Os lectores non queren pensar por si mesmos e prefiren consumir información xa procesada, evitando así a responsabilidade de ser críticos e forxar unha posición propia. Ademais, “del otro `coté´[70] no hará falta decir que sucede lo mismo” é dicir, iso sucede en xornais de dereitas e de esquerdas.

Este xornais fomentan a incultura porque “para repetir lugares comunes políticos y ensartar insultos, no hace falta saber que Cervantes existió” e do mesmo xeito, para insultar e degradar a outra persoa non é preciso saber nada. As persoas que consumen este tipo de xornais, consideran “que la Prensa de hoy, es Prensa de rápida y veraz – ¿veraz? – información...”. Ao falar de “la prensa de hoy” da a impresión de que está a detectar un cambio significativo entre a prensa dese momento concreto e a doutros

---

[66] Paniaguado' segundo a RAE: “1. Persona que servía en una casa y recibía del dueño de ella habitaicón, alimento y salario; 2. Persona allegada a otra y favorecida por ella”. Enténdese entón que “amparos de paniaguado” fai referencia a favores que neste caso concreto nos xornais se fan a cambio dalgún beneficio.

[67] Léase 'pacato' Segundo a RAE: “1. De poco valor, insignificante; 2. Mojigato, que tiene o manifiesta excesivos escrúpulos”.

[68] Segundo a RAE: neno presumido.

[69] Emprega o anglicismo *leader*, en galego líder.

[70] Coté [*sic*. Léase côté]. Tanto por esta palabra coma pola anterior, percíbese que CFV tiña un vocabulario rico que incluso empregaba cun ton sarcástico.

tempos. Mais parecen quedar aínda algúns xornais ao vello estilo, por exemplo *Ahora,*[71], que "no tiene el mismo criterio". Conta con colaboradores como "Unamuno, Baroja, Valle Inclán, Azorín, etc., etc.," que escriben "en sus columnas algo más que vulgaridades políticas". Fronte á prensa "rápida" ... "de hoy", *Ahora* é considerado coma "un periódico trasnochado", pasado de moda, porque nas súas páxinas recolle información sobre cultura que o lector debe ler e procesar sen presa, e que require coñecementos previos. Remata o artigo indicando que os escritores mencionados son aos que peor se lles paga: "¡Para ellos la perra-gorda!"[72]

A crítica de CFV é extrapolable ao que acontece hoxe en día coa prensa en España: a maior parte dos xornais responden aos intereses do poder ou poderes. En moitas ocasións omiten información ou fana chegar aos lectores de xeito moi indirecto e nesgado. Loxicamente cada xornal ten unha liña editorial conforme á que presenta as noticias e os artigos de opinión, mais iso non xustifica a terxiversación da verdade. Moitas veces téndese a confundir liña editorial ou liberdade de expresión con publicar o que se queira, cando e como se queira. Os xornais escollen as noticias que publican, o espazo que van ocupar, o ton que se vai empregar e incluso chegan a mentir pero, tal como que sinalaba CFV no ano 1935, isto ocorre porque hai xente abondo que merca eses xornais e porque esta xente quere consumir pasivamente a información, sen cotexala nin sometela a crítica.[73]

Sorprende que as reflexións feitas por CFV neste artigo do ano 1935 sigan sendo válidas ao día de hoxe, para comprobalo non hai máis que ler moitos dos xornais[74] que se publican agora. De feito, CFV estaba a detectar o momento inicial dunha tendencia que non fixo máis que medrar pouco a pouco, a tendencia a deixar de lado a verdade para pasar a crear xornais sensacionalistas vinculados, moitos deles, a partidos políticos.

---

[71]O xornal *Ahora* naceu en Madrid no ano 1930 da man de Luis Montiel Balanzat, a liña editorial foi sempre republicana moderada e competía co xornal conservador ABC. Coa guerra tivo que adaptarse ao ton moito máis moderado que lle impuxeron, por iso o 1 de xaneiro de 1937 comezou nova época con nova enumeración. *Cf.* SBHAC (1999-2006).

[72] Fai referencia a una moeda acuñada en España no 1870 cun valor de 10 céntimos de peseta. Coñecida coloquialmente como 'perra gorda' polo león gravado no anverso da moeda, que semellaba un can. CFV menciona esta moeda polo pouco valor que tiña, aludindo ao ínfimo salario estes escritores percibían.

[73] Como exemplo a TVG (creada un ano despois da morte de CFV). O seu director é designado directamente polo presidente da Xunta e depende de fondos públicos, polo que cómpre reflexionar sobre a calidade da información que emite.

[74] Estes casos atópanse tanto en xornais de dereitas, monárquicos e católicos (por exemplo *ABC*) coma os de esquerdas (por exemplo *Público*).

Logo desta pequena achega ás colaboracións de CFV en *El Progreso*, sería interesante analizar se realmente foi un articulista imparcial. Pero este propósito esixiría unha contextualización a fondo de cada un dos seus artigos, o que, se ben nos mergullaría de cheo no panorama cultural da cidade de Lugo na etapa estudada, excede con moito as limitacións dun TFG. Non sendo posible realizar esa contextualización, optase aquí por recoller a súa autovaloración: "para los que no tenemos ninguna fobia manifiesta, ni ninguna simpatía de destinillo, resulta difícil el encontrar un periódico agradable". Así pois, definíase a si mesmo como un lector imparcial que non pretende caer ben co que manifesta, senón que é fiel ao que pensa e así o plasma.

## 6. BREVE CONCLUSIÓN

Como conclusión cómpre destacar a grande personalidade de CFV, xa dende moi novo, como filósofo, ensaísta, articulista e xestor cultural. A pesares de dar mostras dun machismo certamente lamentable na primeira etapa, non hai que esquecer que por aqueles tempos esa mentalidade era compartida por moitas persoas, tanto homes coma mulleres. Isto non desmerece a súa obra, que foi de grande calidade e moi relevante para a cultura galega. A análise feita amosa tamén que o seu talante cambiou, probablemente debido á experiencia traumática da Guerra Civil. CFV reaparece no xornal como un home maduro e moi sensible, sempre atento aos acontecementos culturais da súa cidade: o seu refuxio.

## 7. BIBLIOGRAFÍA


ÁLVAREZ POUSA, L. (1999). *A identidade fronte á rede*. Vigo. Xerais.

ALONSO MONTERO, X. (2012). «Asociacionismo na cidade de Lugo: a tertulia do Café Méndez Núñez (1960-1969)», en Gurriarán, R. (coord.) *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 77-85.

ANDERS, V. *et. al*. (2001-2017). *Etimología de idiota*. En: https://goo.gl/ugioY [Consulta: 05/06/2017].

BALLÓ, T., TORRES, S., JIMENEZ, M. (Dirs). (2014). *Las sinsombrero* [documental]. Barcelona: INTROPÍAmedia.

RUIZA M. (Dir.). (2004-2017). *Biografías y vidas. La enciclopedia biográfica en línea. Kant*. En: https://goo.gl/2zNG7B [Consulta: 04/07/2017]

— *Cipriano Rivas Cherif*. En: https://goo.gl/ZwpVbB [Consulta: 04/07/2017].

— *Fichte*. En: https://goo.gl/fnep3s [Consulta: 04/07/2017]

— *Margarita Xirgu*. En: https://goo.gl/qUcYmT [Consulta: 04/07/2017]

— *Nietzsche*. En: https://goo.gl/TSWLgX [Consulta: 03/07/2017]

— *Pascal*. En: https://goo.gl/AU3gEP [Consulta: 03/07/2017]

— *Schiller*. En: https://goo.gl/sXe4wA [Consulta: 03/07/2017]

— *Spranger*. En: https://goo.gl/bnCo3H [Consulta: 22/06/2017]

CONSTITUCIÓN DE LA REPÚBLICA ESPAÑOLA. (1931). En: https://goo.gl/RxVTt [Consulta: 09/05/2017].

DELGADO IDARRETA, J. M. (2006). *Propaganda y medios de comunicación en el primer franquismo (1936-1959)*. Logroño. Universidad de La Rioja.

FERNÁNDEZ, C. (1988). *O pensamento epocal en Celestino Fernández de la Vega*. Sada. Ediciós do Castro.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA, C. (2009). *Ensaios a proba do tempo*. Vigo. Galaxia.

FERNÁNDEZ FUENSALIDA, V. (2017). *Etimología de bárbaro*. En: https://goo.gl/Ls6QB5 [Consulta: 02/07/2017].

FUNDACIÓN LEOPOLD ZIEGLER (1960-2003). *Leopold Ziegler*. En: https://goo.gl/zK9t63 [Consulta: 04/07/2017].

GÓMEZ RIVAS, I. (1997). «Filosofía e literatura nos primeiros artigos de Celestino Fernández de la Vega». En: *Boletín galego de literatura*, 18, 111-118. Recuperado de: https://goo.gl/tXCiR6

JABLONSKI GARCIA, P. (2005). «Clientelismo en democracia. Una propuesta para el análisis de las relaciones clientelares a nivel local.» *Perifèria: revista de recerca i investigació en antropologia*, 2, 21. Recuperado de: https://goo.gl/L1LFri

LÓPEZ VÁZQUEZ, R. (1993). *Celestino Fernández de la Vega, pensamento universal desde a provincia*. Sada. Ediciós do Castro.

— (2007) *Celestino Fernández de la Vega: pensador do novo galeguismo*. Santiago de Compostela. Secretaría Xeral de Política Lingüística. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Recuperado de: https://goo.gl/yHFcdY

— (2007) «Da esencia da verdade: unha traducción con aquél», en Vázquez Lobeiras, M. J., Vázquez Sánchez, J. e Raña Dafonte, C. (eds.), *Experientia et sapientia. Estudios dedicados a la memoria de Angel Álvarez Gómez*. Santiago de Compostela. Ed. Universidade de Santiago de Compostela, 273-288.

LÓPEZ, S. (2001). *Celestino Fernández de la Vega*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Promoción Cultural.

MINISTERIO DE CULTURA (2009): *Biblioteca Virtual de Prensa Histórica*. Ministerio de educación, cultura y deporte. Gobierno de España. En: https://goo.gl/6vXZCg [Consulta: 03/06/2017].

PARDO DE NEYRA, X. (2001). *Lugo: cultura e república. As manifestacións intelectuais dunha cidade galega entre 1931-1936*. Sada (A Coruña). Ediciós do Castro.

PAZ, M. (1992). «El Progreso: el diario de Lugo y su provincia». *Lvcensia*, 4, 9-27. Recuperado de: https://goo.gl/Xgx9DD

PIÑEIRO, R. (1974-1991). «Celestino Fernández de la Vega». En: *Gran Enciclopedia Gallega.* Vol. 7. Santiago – Gijón. Silverio Cañada, 119-121.

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA. (2014). *Diccionario de la lengua española* (23.a ed.). En: https://goo.gl/Nr6Byo [Consulta: 03/06/2017].

REAL ACADEMIA GALEGA. (2015). *Dicionario da Real Academia Galega*). En: https://goo.gl/XqBpve [Consulta: 05/06/2017].

RODRÍGUEZ FER, C. (2006). «Yunque e a vanguardia integral». *Yunque (Periódico de vangarda política)*. 1, 15-22. Recuperado de: https://goo.gl/EA3BXN

SERRANO, M. (2013). *Las maestras de la República*. 25/06/2017, de lamarea.com Sitio web: https://goo.gl/P2xY4N

SOCIEDAD BENÉFICA DE HISTORIADORES AFICIONADOS Y CREADORES (SBHAC). (1999-2006). *Diario gráfico AHORA*. En: https://goo.gl/Gd7vRj [Consulta: 28/06/2017].

SOTO GUTIÉRREZ, J. *As colaboracións de Celestino Fernández de la Vega en El Progreso*. En: Vázquez Lobeiras, M. X. e Veiga Alonso, J. R. (Eds.), cit.

TRAPERO PARDO, J. (1982). *Cuando Lugo tenía seis diarios*. *La Voz de Galicia*, (26-4-1982).

VAN OTTEN, G. (2017). *Carl Sauer and the Cultural Landscape*. PennState: College of Earth and Mineral Science. En: https://goo.gl/Cagcbw [Consulta: 05/04/2017]

VÁZQUEZ LOBEIRAS, M. X. e VEIGA ALONSO, J. R. (Eds.) (no prelo). *Celestino Fernández de la Vega, mestre lucense nun tempo de sombras*. Lugo. Deputación de Lugo.

VIDAL, N. (2009). «A prensa histórica de Lugo a comezos do século XX». *Lvcensia*, 39, 213-227. Recuperado de: https://goo.gl/qKcHyT

VIDAL, N. (2009). *Purificación de Cora y Más Villafuerte, da prensa de partido ao xornalismo como empresa: historia e periodismo en Lugo 1908 a 1940*. Santiago de Compostela. Fundación Caixa Galicia.

VILLANUEVA GESTEIRA, M. D. (2011). «Una mente lúcida al servicio de Galicia». *Fronterad Revista Digital*. Recuperado de: https://goo.gl/o2zDo9

WIKIPEDIA. (2017). *Esnob*. En: https://goo.gl/P6AorP [Consulta: 25/05/2017].

## 8. ANEXOS

ANEXO I: Listaxe de artigos por orde cronolóxica ..................................................... II
ANEXO II: Listaxe de artigos segundo a temática...................................................... VI
ANEXO III: Resumo dos artigos.......................................................................... IX
ANEXO IV: Reprodución facsímile dos sete artigos analizados.............................. XXX
ANEXO V: Reprodución dalgunhas fotografías do álbum familiar................... XXXVIII
ANEXO VI: Listaxe de preguntas realizadas a María Luísa Maceda ......................... XLI
ANEXO VII: Entrevista a dona María Luísa Maceda (CD-ROM) .......................... XLIII

**ANEXO I: Listaxe de artigos por orde cronolóxica**

**<u>ANO 1934</u>**

- **27/06/1934**; SECCIÓN: Balbuceos filosóficos; TÍTULO: *La cultura y la moral.*
- **04/07/1934**; SECCION: Non consta; TÍTULO: *Lo objetivo y lo subjetivo.*
- **05/07/1934**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Ángulos del feminismo. El tránsito masculino a los quehaceres domésticos.*
- **17/07/1934**; SECCIÓN: Colaboración espontánea. Balbuceos filosóficos; TÍTULO: *Romancismo y juventud.*
- **21/07/1934**; SECCIÓN: Colaboración espontánea; TÍTULO: *El llanto del automóvil (Ensayo ultravanguardista).*
- **28/07/1934**; SECCIÓN: Colaboración espontánea. Balbuceos filosóficos; TÍTULO: *El sentido común.*
- **02/08/1934**; SECCIÓN: Colaboración espontánea. Diálogos; TÍTULO: *El eco de un artículo*
- **07/08/1934**; SECCIÓN: Colaboración espontánea. Visiones; TÍTULO: *Arrebato caleidoscópico*
- **06/09/1934**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Digresiones. ¡Quién supiera escribir!.*
- **07/09/1935**; TÍTULO: *Estática y dinámica (Capricho de una tarde estival).*
- **12/09/1934**; SECCIÓN: Atisbos; TÍTULO: *Simetría intelectual.*
- **05/10/1934**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Mi homenaje. A mi Unamuno.*
- **01/11/1934**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Un poeta lucense. Gamallo Fierros.*
- **30/11/1934**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *Humorismo español.*

- **01/12/1934**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Glosas optimistas. ¿Qué importa la estética?*
- **04/12/1934**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Tipología. Los estudiantes.*
- **06/12/1934**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *Yuk (Apunte de tragedia).*
- **09/12/1934**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Libros. Ludwig a través de su "Beethoven".*
- **16/12/1934**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *La polémica.*
- **25/12/1934**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *La pedantería.*
- **29/12/1934**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *Las "sensaciones fuertes".*

**<u>ANO 1935</u>**

- **05/01/1935**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *Muñoz Seca y Aristófanes*
- **06/01/1935**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *Baroja y el público*
- **10/01/1935**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *Balmes y el talento*
- **22/02/1935**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *El Carnaval*
- **01/03/1935**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *La vieja cuestión del "corpore" y de la "mens".*
- **04/03/1935**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *El café.*
- **06/03/1935**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *Oradores, conferenciantes y charlatanes.*
- **16/03/1935**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *Impresiones musicales de un profano.*
- **30/03/1935**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *Divagación sobre la amistad.*
- **04/04/1935**; SECCIÓN: Intentos; TÍTULO: *La simpatía de las mujeres.*

- **07/06/1935**; SECCIÓN: Variaciones; TÍTULO: *Apuntes sobre el sueño y la vigilia.*
- **06/07/1935**; SECCIÓN: Variaciones; TÍTULO: *Índice sobre el bandolerismo.*
- **20/07/1935**; SECCIÓN: Variaciones; TÍTULO: *Consideraciones en torno al amor.*
- **29/07/1935**; SECCIÓN: Variaciones; TÍTULO: *Algo sobre la guerra.*
- **12/08/1935**; SECCIÓN: Variaciones; TÍTULO: *En torno de los gatos.*
- **24/08/1935**; SECCIÓN: Variaciones; TÍTULO: *Mujeres interviuvadas.*
- **25/08/1935**; SECCIÓN: Variaciones; TÍTULO: *Decepción.*
- **31/08/1935**; SECCIÓN: Variaciones; TÍTULO: *Nuestra prensa.*
- **02/09/1935**; SECCIÓN: Variaciones; TÍTULO: *Observaciones de un aprendiz de literato.*
- **07/09/1935**; SECCIÓN: Variaciones; TÍTULO: *Romance de ciego.*

**ANO 1936**

- **24/03/1936**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Suceso artístico. Telas de Picasso*.

**ANO 1943**

- **01/11/1943**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Problemas artísticos. Sobre la crítica musical.*
- **17/11/1943**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Música de cámara. Categoría y anécdota de un concierto.*
- **01/12/1946**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Angustias de cada día*. *Domingo.*

- **09/12/1946**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Pequeños temas. Otra vez "La Gran Vía".*

**ANO 1944**

- **30/03/1944**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Meditación y goce. Internezzo.*
- **29/04/1944**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Postal de Lugo. Miradero del Parque.*
- **13/10/1944**; SECCIÓN: Registro de arte; TITULO: *Fotos en el Círculo.*
- **25/11/1944**; SECCIÓN: Registro de arte; TÍTULO: *José Luis, alevino de pintor.*

**ANO 1945**

- **08/06/1945**; SECCIÓN: Registro de arte; TÍTULO: *Mª del Carmen Corredoyra*

**ANO 1950**

- **30/03/1950**; SECCIÓN: Non consta; TÍTULO: *Lecturas. Luz Pozo y la poesía femenina*

## ANEXO II: Listaxe de artigos segundo a temática

### Persoeiros:

- *Un poeta lucense. Gamallo Fierros* (01/11/1934)
- *A mi Unamuno* (05/10/1934)
- *Libros. Ludwig a través de su "Beethoven"* (09/12/1934)
- *Intentos. Muñoz Seca y Aristófanes* (05/01/1935)
- *Intentos. Baroja y el público* (06/01/1935)
- *Intentos. Balmes y el talento* (10/01/1935)
- *Suceso artístico. Telas de Picasso* (24/03/1936)
- *Registro de Arte. José Luis, Alevino de pintor* (25/11/1944)
- *Registro de Arte. Mª del Carmen Corredoyra* (08/06/1945)

### Filosofía:

- *Balbuceos artísticos. La cultura y la moral* (27/06/1934)
- *Lo objetivo y lo subjetivo* (04/07/1934)
- *Colaboración espontánea. Balbuceos filosóficos. Romancismo y juventud* (17/07/1934)
- *Colaboración espontánea. Balbuceos filosóficos. El sentido común* (21/07/1934)
- *Estática y dinámica. (Capricho de una tarde estival)* (07/09/1934)
- *Atisbos. Simetría intelectual* (12/09/1934)
- *Intentos. Humorismo español* (30/11/1934)
- *Intentos. La vieja cuestion del "corpore" y de la "mens"* (01/03/1935)
- *Variaciones. Apuntes sobre el sueño y al vigilia* (07/06/1935)
- *Variaciones. Algo sobre la guerra* (29/07/1935)

### As mulleres:

- *Ángulos del feminismo. El tránsito masculino a los quehaceres domésticos* (05/07/1934)
- *Tipología. Los estudiantes* (04/12/1934)

- *Intentos. La simpatía de las mujeres* (04/04/1935)
- *Variaciones. Consideraciones en torno del amor* (20/07/1935)
- *Variaciones. En torno de los gatos* (12/08/1935)
- *Vaariaciones. Mujeres interviuvadas.* (24/08/1935)

**Observacións e meditacións sobre temas diversos:**

- *Colaboración espontánea. El llanto del automóvil (Ensayo ultravanguardista)* (21/07/1934)
- *Digesiones. ¡Quién supiera escribir!* (06/09/1934)
- *Intentos. La pedantería* (25/12/1934)
- *Intentos. El Carnaval* (22/02/1935)
- *Intentos. Divagación sobre la amistad* (30/03/1935)
- *Variaciones. Romance de ciego* (07/09/1935)

**Crítica (grupos sociais, actitudes das persoas ...):**

- *Colaboración espontánea. Diálogos. El eco de un artículo* (02/08/1934)
- *Glosas optimistas. ¿Qué importa la estética?* (01/12/1934)
- *Intentos. Yuk (Apunte de tragedia)* (06/12/1934)
- *Intentos. La polémica* (16/12/1934)
- *Intentos. Las "sensaciones fuertes"* (29/12/1934)
- *Intentos. Oradores, conferenciantes y charlatanes* (06/03/1935)
- *Intentos. Divagación sobre la amistad* (30/03/1935)
- *Variaciones. Nuestra prensa* (31/08/1935)
- *Variaciones. Observaciones de un aprendiz de literato* (02/09/1935)
- *Problemas artísticos. Sobre la crítica musical* (01/11/1943)

**Cultura interartística: Arte, música, baile, teatro, literatura...:**

- *Intentos. Impresiones musicales de un profano* (16/03/1935)
- *Suceso artístico. Telas de Picasso* (24/03/1936)
- *Problemas artísticos. Sobre la crítica musical* (01/11/1943)
- *Música de cámara. Categoría y anécdota de un concierto* (17/11/1943)

- *Pequeños temas. Otra vez "La Gran Vía"* (09/12/1943)
- *Meditación y goce del cinema. "Internezzo"* (30/03/1944)
- *Registro de Arte. Fotos en el Círculo* (13/10/1944)
- *Registro de Arte. José Luis, alevino de pintor* (25/11/1944)
- *Registro de Arte. Mª del Carmen Corredoyra* (08/06/1945)
- *Lecturas. Luz Pozo y la poesía femenina* (30/03/1950)

**Descricións:**

- *Colaboración espontánea. Visiones. Arrebato caleidoscópico* (07/08/1934)
- *Intentos. El café* (04/03/1935)
- *Variaciones. Índice del bandolerismo* (06/07/1935)
- *Variaciones. Decepción* (25/08/1935)
- *Angustias de cada día. Domingo* (01/12/1943)
- *Postal de Lugo. Miradero del Parque* (29/04/1944)

**ANEXO III: Resumo dos artigos**

**27/06/1934**; Título: *La moral y la cultura*; Tema: A moral e a cultura.

Resumo: Segundo indica CFV, entre o ser e o deber ser hai una serie de valores intermedios pertencentes ao eido da cultura. Como polos, figurarían o ser puro e o deber ser absoluto.

Hai outros estadios como os usos sociais, o costume, etc., onde os polos son a realidade e o valor, tendo tamén unha gradación. Os usos sociais sinalan a primeira etapa predominando o substrato real onde se valoriza o real. O dereito sería a outra etapa superior e é considerado como un deber absoluto, o dereito debería ter recoñecido un substrato real e a súa referencia a un valor caracterízao "como un típico fenómeno natural" deixando de lado o feito de que a xustiza se leve a cabo ou non.

O último deses estadios é a moral, esta é considerada un deber absoluto ou un deber ser e ten un carácter dominante. Segundo CFV, debemos pensar na moral ao estilo "kantiano" téndoa como "un principio universalmente lógico" ao que se subordinan todos os nosos actos.

A cultura aparece como un reino intermedio entre o ser e o deber ser.

Se se considera a moral un valor absoluto, xa non sería un fenómeno cultural; para enmarcar a moral na cultura, o marco debería ser amplo.

Dende a concepción ampla de Sauer (cultura = relixión + arte + cultura material + ciencia) ata a agnóstica de Nietzsche (cultura do arte) hai moitos estadios intermedios entre os cales destacan o de Fichte e Schiller (aspecto ético).

**04/07/1934**; Título: *Lo objetivo y lo subjetivo*; Tema: Optimismo e pesimismo intrascendentes.

Resumo: O mundo obxectivo ten unha existencia real propia que non depende do suxeito, pero realmente todo ten un pouco de subxectivo xa que "la realidad no nos llega a la conciencia como algo objetivamente dado y distinto de nosotros" (A. Messer). Si isto se aplica ao intrascendente, obtense a duplicidade do intrascendente obxectivo e o

intrascendente subxectivo. O problema para atopar a intrascendencia obxectiva/real é que en moitos casos o obxectivo está subxectivizado, é dicir, preséntasenos o obxectivo con unha aparencia previa; así pois orixínase un desequilibrio entre o forxado na mente e aquelo ao que se lle pode chamar físico. O motivo deste desequilibrio ten a base, en termos xerais, en "intereses individuales, verificado en la imaginación subjetiva del mundo real".

O mencionado anteriormente fai que a denominada "forma aparente" da intrascendencia, ao non ter unha aparencia obxectiva fixada, sexa subxectivizada por cada individuo. A partires de aquí pódese definir o pesimismo instrascendente e o optimismo intrascedente, dous conceptos tipicamente intrascendentais pero, que significa cada un deses conceptos?

- Optimismo intrascendente: "es la solución optimista desesperada" e busca no intrascendente o antídoto do padecemento; a isto fai referencia William James (pragmatista americano) cando di que o feito de exteriorizar os sentimentos mediante as lágrimas, por exemplo, fai que sintamos con máis intensidade o sufrimento interno. Tamén isto está reflectido na filosofía popular, pois dela é a frase "esta vida hay que tomarla a broma", pero débese ter en conta o sinalado por moitos pensadores e non caer no "atontamiento" ou na ignorancia para así ser felices.
- Pesimismo intrascendente: CFV refírese ás persoas que sempre se queixan polo feito de vivir, aquelas que din "esta vida no merece la pena vivirse" pero sinala tamén que non son máis que simples teorizadores.

**05/07/1934**; Título: *El tránsito masculino a los quehaceres domésticos*; Tema: A muller culta e o seu lugar segundo CFV.

Resumo: A constitución republicana recolleu a supresión de calquera privilexio dado pola diferenciación sexual e alén diso, CFV recolle que xa non se pode dicir que "la mujer sufra las leyes y lo las haga", que hai unha igualdade real e que non é certo que a igualdade entre homes e mulleres solo se faga real cando de castigos e deberes se trata.

Sinala tamén que xa neses días era absurdo crer ou dicir que as mulleres non fan nada "grande" máis alá de dar a luz aos meniños. Unha vez sinala iso, recalca que é lóxico

que as mulleres busquen ser "Evas cultas" pero non por iso deben deixar de lado o lugar natural das mulleres, o fogar. Segundo CFV, a muller debe formarse para ser mellor educadora, administradora, compañeira....pero sempre dentro da súa esfera, sen abandonala.

Remata o artigo animando aos homes a que defendan a causa feminina e loiten pola igualdade, sen esquecer cal é o sitio da muller.

**17/07/1034**; <u>Título</u>: Colaboración espontánea. *Balbuceos filosóficos. Romanticismo y juventud*; <u>Tema</u>: Defensa do Romanticismo.

<u>Resumo</u>: Critica o xeito no que moitos consideran ao Romanticismo coma o "mal du siécle", este "mal du siécle era lánguido y matador". O Romanticismo espiritual, sinala, non é coetáneo, senón "relacionado con idealismo y liberalismo fue un movimiento juvenil y vivificador". Estes mozos eran mozos polos seus ideais, xa que el considera que "sólo el que tiene ideales es joven". Tamén cre que a verdadeira xuventude e aquela influída por Ortega, Unamuno, etc., Pola contra, a xuventude que busca o mando, encaixa moi ben na sociedade que non ten pensamento propio e que se deixa asoballar.

**21/07/1934**; <u>Título</u>: Colaboración espontánea. *El llanto del automóvil. (Ensayo ultrvanguardista)*; <u>Tema</u>: O novo modelo de coche de Citroën.

<u>Resumo</u>: Comeza coa que parece ser unha entrevista a el na que lle preguntan sobre se ese artigo é ou non irónico, ao que el responde "se lo leeré a usted". Continúa narrando sobre o que parece ser un novo modelo de coche da marca Citroën. Recurre a unh apersonificación e chámalle "niño Citroen" e personifica taména figura de un camión grande, aoq eu chama "Papá camión" e tamén "Papá Citroen" . O motor HP9 do neno Citroen, ten tan pouca potencia que ata lle custa subir as pendentes e precisa contiuamente que lle repoñan a auga para non queimarse: "niño Citroen no se decide a subir la pendiente sin antes refrescar". En contraposición atópase "papá Citroen", facendo referencia a un camión, máis vello e máis resistente, xa que narra un grave accidente onde "¡¡¡Papá Citroen sólo se fracturó la diferencial!!!". Remata o artigo coa

pregunta que xa lle formularan ao comezo “¿Con o sin ironía?” ao que el responde “¿......?” dando a entender que o artigo está cheo de ironía.

**28/07/1934**; Título: Colaboración espontánea. *Balbuceos filosóficos. El sentido común*; Tema: Quen ten sentido común.

Resumo: Para CFV o sentido común é directamente proporcional á vulgaridade, tendo a vulgaridade un rango propio que vai dende “lo `amillarado´ tendrá un rango superior –siempre en el ámbito de la vulgaridad– a lo `adocenado´”. Na vida pública, o ser humano será máis agradable para os demais canto máis tempo pase con eles e o caudillo “aumentará el número de adeptos a medida que su programa se identifique con el sentido común”. Na vida privada “el sentido común no desempeña papel alguno”, nin o xenio chega a ter sentido común porque a xenialidade é a antítese do “común sentir”. Os poetas, pola contra, non teñen sentido común porque o poeta é “un soñador, y el sentido común es –como dijo Bécquer- `la barrera de los sueños´”. Critica tamén a Moratín empregando palabras de Unamuno “[...] es un abismo de vulgaridad e insignificancia... no ha ideado ni una sola metáfora nueva” e continúa xulgando o libro titulado *La religión al alcance de todos*, posto que para el é impensable explicar unha relixión baseándose no sentido común. Remata sinalando que os españois teñen dous símbolos que exemplifican o sentido común, estes son Don Quijote e Sancho, respectivamente.

**02/08/1934**; Título: Colaboración espontánea. *Diálogos. El eco de un artículo*; Tema: Rebatemento a Da Cunha.

Resumo: Neste artigo CFV critica con ton moi irónico o que Manuel Da Cunha (co que tivo en varias ocasións certos enfrontamentos no xornal, sendo este un deles) dixo sobre o seu artigo titulado *Romanticismo y juventud*, chegando tamén a dicir del que “el autor de aquel trabajo nos obliga al mayor reconocimiento al dispensar tamaño honor a nuestra humilde prosa”. Neste artigo CFV rebátelle, de xeito directo, cada crítica que Da Cunha lle fixera con anterioridade.

**07/08/1934**; Título: Colaboración espontánea. *Visiones. Arrebato caleidoscópico*; Tema: Un teatro derrubado.

Resumo: Neste artigo, CFV evoca as sensacións e as imaxes que lle produce o seu paso diante do edificio dun teatro que foi derrubado. Reconstrúe e relata esas imaxes, con referencias a personaxes como "Juan Silencio, Tom Mix, El Invencible y Malacara", a autores como Muñoz Seca e a diversos tipos de espectáculos como o cabaret porque "nos enseña una hilera de piernas alineadas horizontalmente", o flamenco e mesmo o cinema.

**06/09/1934**; Título: *¡Quién supiera escribir!*; Tema: Para que escribir?.

Resumo: Escribir ben é un traballo realmente difícil con consecuencias moi satisfactorias e en algunhas ocasións excelentes. Así pois, para intentar "reinar" débese tentar escribir ben. Mais, para CFV a meta de escribir é transmitir coñecemento, polo que debe haber alguén que lea. En moitos casos os propios escritores pecan de eruditos e de altivos.

**07/09/1934**; Título: *Estática y dinámica. (Capricho de una tarde estival)*; Tema: As categorías do estático e do dinámico.

Resumo: Exercicio de filosofía e humor, con referencias literarias (Unamuno). CFV proponse clarificar que é a estática (en referencia ao estático, o que carece de movemento) e a dinámica (en referencia ao dinámico: o que está en movemento), pero faino dende o enfoque humorístico e algo disparatado. Como se trata de conceptos da física clásica el fala da súa achega como "mecánica humorística" e acaba definíndose tamén como "estatodinamólogo". Os devanditos conceptos serviríanlle para analizas aspectos tan dispares da realidade como as matemáticas, a arte, a dignidade humana, os toros ou o fútbol.

**12/09/1934**; Título: *Atisbos. Simetría intelectual*; Tema: Crítica aos que falan sen saber ou sen coñecer en profundidade.

Resumo: CFV define o concepto de “eje de simetría intelectual”, como clave do que sería a “normalidad científica”. Este eixe representa o equilibrio entre a analoxía e diversificación (identidade e diferenza). Cando o eixe se desvía prodúcese a orixinalidade. Por outra banda, aquelas persoas non especializadas nunha materia (vulgo) o que buscan, na maioría dos casos, para intentar demostrar que saben, é a comparación entre certas cousas un tanto extremas, como por exemplo “¿Quién valió más, Guzmán el Bueno o Curros Enríquez?” Critica deste xeito ás persoas que non teñen cultura dabondo, que el considera imprescindible, independentemente de se se estudou medicina ou dereito. Para evitar as analoxías disparatadas hai que ter máis presente o dito “zapatero a sus zapatos”: non se ha de falar do que non se sabe.

**05/10/1934**; Título: *A mi Unamuno*; Tema: A orixinalidade e Unamuno.

Resumo: Trata sobre a orixinalidade e Unamuno, non todos poden entender a Unamuno porque non todos entenden que a orixinalidade non é máis ca unha reinvención de algo xa existente.

**01/11/1934**; Título: *Un poeta lucense. Gamallo Fierros*; Tema: O poeta lucense descoñecido na súa terra.

Resumo: Segundo CFV, Gamallo Fierros é “un sacerdote de lo bello coma Unamuno o un home de lo bello como Emerson”, ao contrario que todas as críticas de entendidos que eloxian a Fierros en ton adulatorio, CFV simplemente busca facerlle unha pequena homenaxe ao que considera que pode crear aquilo co que todos soñan pero sen conseguir darlle vida. Fierros, nado na provincia de Lugo é nela onde é menos coñecido, mentres que fora dela publica en bastantes xornais.

**30/11/1934**; Título: Intentos. *Humorismo español;* Tema: O humorismo en España e nos españois, incluídos escritores.

Resumo: É moi complicado concretar o significado de humorismo, importantes personaxes tentaron facelo: Ber en “La risa”, Freud en “El chiste y su relación con el

inconsciente” e tamén en teorías kantianas, de Richter e Lipps; aínda que ben é certo que máis que o humorismo, tentan especificar o que é o mecanismo da risa.

Na literatura española, CFV atopa o humorismo bifurcado na ironía do “humor” (en obras como “El Arcipreste de Hita” ou “El Lazarillo de Tormes”) e o chiste conceptuoso (en Unamuno e Quevedo).

Critica o feito de que os españois perderan e abandonaran a tradición humorística como xa mencionaba Unamuno: “[...] no es fácil que se encuentre hoy en el mundo pueblo más incapaz que el español para comprender y sentir el humor”. Incide nos poucos humoristas españois que hai: Gómez de la Serna, Jardiel Poncela ou Edigar Neville mentres que a Fernández Flórez, para o seu gusto, atópao “poco nuevo y monótono”.

**01/12/1934**; Título: *Glosas optimistas. ¿Qué importa la estética?*; Tema: A guerra e a estética nas mulleres.

Resumo: Neste artigo atópanse grandes pinceladas de ironía e crítica. Narra como en momentos aparentemente duros que el denomina “guerras químicas” as mulleres pensan en se deixar ou non de lado a estética (referida a estética persoal: vestimenta, maquillaxe ...). Afirma que a guerra lles conviría tanto a homes coma mulleres. Así, por unha parte os “señoritos” terían que preocuparse por algo máis que pola carreira de dereito e polo coche novo, e no caso das mulleres, estas pasarían de levar birretes a portar unha metralladora, en lugar de usar simplemente a rabuñadura como arma. É máis ca nada unha crítica a esas mulleres que só se preocupaban pola estética e non polo futuro do país, mais, visto dende hoxe o ton resulta excesivamente sarcástico e mesmo cruel, pois afirma fala da necesidade da guerra para espelir ás mulleres e aos señoritos.

**04/12/1934**; Título: *Tipología. Los estudiantes;* Tema: A evolución dos e das estudantes.

Resumo: Os estudantes daquel momento, segundo CFV, perderan toda característica rebelde e reivindicadora pasando a ser simples conformistas sendo tamén propias deles

a “gasmeñería [*Sic*][1] y orgullo”. Recolle tamén a definición de “gamberro” segundo Baroja: “joven que íntimamente tímido, se convierte por contagio con sus amigos y compañeros en insolente y procaz” e prosigue afirmando que cando varios “gamberros” se xuntan o único que fan é molestar, estando caracterizados polos “eructos”, “cortes de mangas” e “trompetillas”.

No caso das estudantes mulleres, afirma que non cambiaron moito, xa que seguían tendo como pretensión principal o casamento; aínda que no que si cambiaron é na maneira de buscar ao home.

**06/12/1934**; <u>Título</u>: Intentos. *Yuk. (Apunte de tragedia)*; <u>Tema</u>: As persoas vólvense malas.

<u>Resumo</u>: Neste artigo critica a maldade da xente e como, case dun día para outro, as persoas poden cambiar a maneira de ser. Esta crítica lévaa a cabo coa narración fantasiosa da vida dun home que un día está a beber coñac e a escribir, pero nun momento de distracción, bebe a tinta no canto de beber o coñac. Ese acto faille “tener las entrañas negras” e a partir de aí comeza a ser mala persoa e cometer crimes.

**09/12/1934**; <u>Título</u>: *Libros. Ludwig a través de su “Beethoven”*; <u>Tema</u>: Beethoven e Ludwig.

<u>Resumo</u>: Refírese a una autobiografía do compositor Beethoven. Deste xeito escribe sobre a diferenciación entre Beethoven como artista e Ludwig como home. Pregúntase que se se podería facer a mesma pregunta que co Quixote en relación con Cervantes: “¿Quién debe más a quien: Beethoven, \`el hombre´ a Ludwig, o este como escritor a Beethoven?”. A vida de Beethoven ofrece “la \`bárbara crueldad´ de su sordera, el orgullo y el amor propio de su genio, sus arrebatos, su amor puro y su egoísmo, su \`pallida mors´”, todo iso recollido nunha biografía “hacen de Ludwig un literato justamente destacado”.

[1] Léase gazmoñería.

**16/12/1934**; Título: Intentos. *La polémica*; Tema: Sobre os lectores de xornais que non entenden os artigos e responden na prensa increpando aos autores.

Resumo: Segundo afirma CFV, os lectores len os xornais con prexuízos e sen decatarse de que o que están a ler lles pode ser útil. Polo xeral non intentar entender a postura da persoa que escribe e dedícanse simplemente a criticala. Tamén critica a aqueles que deciden responder aos columnistas dos xornais criticándoos sen argumentos, cando nin sequera entenderon a intención do autor. O mellor remedio posible é deixar que sigan escribindo o que queiran xa que eles mesmos se poñen en evidencia. Facendo alarde de ser ben directo remata o artigo coa frase: "y ahora a no contestar a los que pretenden contestar lo que no entendieron".

**25/12/1934**; Título: Intentos. *La pedantería*; Tema: Que ou quen é pedante?.

Resumo: Para moitos, ser un pedante significa ser orixinal e erudito, pero segundo CFV, se iso fose así, o mundo estaría repleto de pedantes: Unamuno, Goethe, Kant, Cervantes, Lope, Shakespeare... a pedantería non é máis ca un intento de disimular o descoñecemento e a ignorancia dos vocábulos empregados. Pedantería é a erudición impertinente.

**29/12/1934**; Título: Intentos. *Las "sensaciones fuertes"*; Tema: A morbosidade das persoas.

Resumo: Dende sempre houbo un interese notorio polas sensacións fortes, é con ese motivo co que xustifica que por exemplo tras unha noite de festa os rapaces busquen diversión nas pelexas, visitando lugares estraños... demostrando así a súa virilidade. O ser humano busca tanto as "sensaciones fuertes" que ata chegaría a acudir a un suicidio en directo.

**05/01/1935**; Título: Intentos. *Muñoz Seca y Aristófanes*; Tema: As críticas a Muñoz Seca.

Resumo: Moitos dicían “de Muñoz Seca que era un payaso sin pizca de gracia” acabaron por “reirse a carcajadas con alguna de sus obras”, CFV non o considera nin “literato fino ni humorista” pero cre que el probablemente tampouco o pretenda ser. O que si considera CFV é que Muñoz Seca non foi “creador de ningún género” porque “sus elementos” teñen precedentes “desde “Aristófanes a Gracián, pasando por Shakespeare”. Pola contra, en Aristófanes “los caracteres, la burla mordaz e interesada, el naturalismo en la expresión” para CFV é “algo agradable y de valor”; en Gracián “El retruécano es la bazofia, el lastre desvalorizador”.

**06/01/1935**; Título: Intentos. *Baroja y el público*; Tema: Sobre Baroja.

